"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0100";"12/03/18";"APROBACION DA CONTRATACIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DO TERREO PARA APARCAMENTO E CAMPO DE FESTA EN R/PONTE DENA";"346/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0099";"8/03/18";"CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES SANDRA SOUTO BUDELO";"205/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0098";"8/03/18";"CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES ANA ALONSO ROBLEDO";"205/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0097";"6/03/18";"Resolución de Alta no Padrón Municipal de Habitantes Jose Luis O.V.";"290/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0096";"5/03/18";"APROBACION DE PLAN DE SEGURIDADE";"376/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0095";"5/03/18";"Resolución da Alcaldía licenzas marzo 2018";"211/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0094";"5/03/18";"APROBACION PLAN DE SEGURIDADE";"384/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0093";"5/03/18";"RESOLUCION DE APROBACIÓN DO PLAN SEGURIDADE E SAUDE";"317/2017"

N.I.F.: P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELEVA: MH-2000
CONCELLO DE MEAÑO
ALCALDIA



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0092";"2/03/18";"Resolución baixa por caducidade";"108/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0091";"2/03/18";"Resolución de convocatoria Xunta de Goberno Local de data 5 de marzo de 2018";"52/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0090";"2/03/18";"Resolución denegando Alta no Padrón Municipal de Habitantes Jose F.A."; "213/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0089";"2/03/18";"Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Sandra V.D."; "240/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0088";"2/03/18";"Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Roberto S.V."; "249/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0087";"2/03/18";"Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes Rosa Rita C.A."; "238/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0086";"2/03/18";"Resolución de Alta no Padrón Municipal de Habitantes Salvador A.D."; "238/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0085";"1/03/18";"Resolución de pagos mes de marzo 1"; "60/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0084";"1/03/18";"PERMISO POR HOSPITALIZACIÓN FAMILIAR ANA ALONSO ROBLEDO"; "194/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0083";"1/03/18";"Resoluciones de pago"; "114/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0082";"1/03/18";"Resoluciones de pago"; "114/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0081";"1/03/18";"Autorización para a tirada de fogos de artificio con motivo da festividade de San José (Dena)."; "277/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0080";"1/03/18"; "114/2018";"cancelado"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0079";"1/03/18";"NOMINAS FEBREIRO 2018"; "114/2018"; "cancelado"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0078";"27/02/18";"Resolucion de alta no PMH de Jose Moledo Lorenzo"; "239/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0077";"23/02/18 12:58";"RELACION DE APROBACION DE PAGOS DE FEBREIRO."; "60/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0076";"23/02/18";"Concesion permiso Trinidad Agís Méndez"; "255/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0075";"23/02/18";"Concesión permiso Alejandra Rodriguez Cortegoso"; "194/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0074";"23/02/18";"Resolución de Alta no Padrón Municipal de Habitantes Isabel S.P."; "217/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0073";"23/02/18";"Resolución da Alcaldía pagos febreiro 2"; "60/2018";"Autorización del Gasto"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0072";"22/02/18";"APROBACION FACTURA E ACTA DE RECEPCION OBRA INSTALACIÓN ELECTRICIA PARA ALIMENTACION CF A TOXA"; "573/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0071";"22/02/18";"Resolucion da Alcaldía de Convocatoria da XGL"; "52/2018";"Convocatoria da Xunta de Goberno local"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0070";"21/02/18";"Resolución da Alcaldía Convocatoria Xunta de Goberno"; "52/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0069";"21/02/18";"APROBACION DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA RECONSTRUCCION DE FACHADAS E CUBERTA PAVILLÓN XIL"; "240/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0068";"21/02/18";"Resolución de Alta no Padrón Municipal de Habitantes de Miguel Angel C.B."; "216/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0067";"21/02/18";"Resolución de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por Nacemento"; "242/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0066";"20/02/18";"INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA SUBSTITUCION DE CÉSPEDE E OBRAS COMPLEMENTARIAS NO CAMPO DE FUTBOL DAS CACHIZAS DENA"; "210/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0065";"20/02/18";"CONTRATACION DO SERVIZO DE REDACCION DE PROXECTO BASICO E DE EXECUCION DA OBRA PRAZA PÚBLICA DE DENA"; "214/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0064";"20/02/18";"ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE RACIONALIZACIÓN ENERXÉTICA EN ALUMEADOS"; "193/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0063";"20/02/18";"APROBACION DO EXPEDIENTE DE INCORPORACION Nº 2"; "230/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0062";"20/02/18";"APROBACION DA LIQUIDACION DO ORZAMENTO 2017"; "229/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0061";"19/02/18";"concesión permiso coidados familiar"; "194/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0060";"19/02/18";"Resolución de Alta no Padrón Municipal de Habitantes de M.G.D."; "189/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0059";"15/02/18";"CONCESIÓN DE ASUNTOS PARTICULARES TRINIDAD AGÍS MÉNDEZ"; "205/2018"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0058";"14/02/18";"Resolución da alcaldía de convocatoria da XGL de data 15/02/18"; "52/2018"



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0057"; "14/02/18"; "REMITIR EXPEDIENTE AO XULGADO DO COTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 PONTEVEDRA. PROCEDIMENTO ABREVIADO 233/2017"; "192/2018"

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 12 de febreiro e o día 9 de abril de 2018.

9º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE REFERENTE A CREACIÓN DUN PLAN DE IGUALDADE MUNICIPAL.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. García Fernández, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, quen da lectura ao escrito de moción presentado con data de rexistro de entrada 02/04/2018, nº 2018-E-RC-1297, no que se sinala:

“AO PLENO DO CONCELLO DE MEAÑO

O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira leía García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, referida á creación dun plan de igualdade municipal**

Nas últimas décadas desenvóléronse políticas en materia de igualdade no noso país, pero á vez, nos últimos anos, foron frecuentes retrocesos e recortes, que se produciron especialmente no ámbito local debido ao cambio lexislativo que modificou substancialmente o ámbito de competencias dos Concellos nestas áreas.

Non pode haber unha sociedade verdadeiramente democrática se non somos capaces de eliminar os comportamentos e actitudes machistas que atentan contra máis da metade da poboación. E ese machismo, froito do patriarcado máis rancio e máis prexudicial para as mulleres esténdese en todos os ámbitos, dende o familiar, social e laboral ata a máis cruel das manifestacións como é a violencia de xénero que se exerce cara ás mulleres.

A día de hoxe seguimos reclamando medidas e políticas para un verdadeiro cambio social que supoña unha profunda transformación estrutural na que as mulleres sexan protagonistas e copartícipes.

Neste sentido, unha das maiores desigualdades que viven as mulleres é a que se corresponde ao ámbito laboral, por iso, dende o Grupo Municipal Socialista apoiamos que o noso país conte cunha Lei de Igualdade Laboral que contribúa a erradicar a diferentes situacións de discriminación que teñen as mulleres no acceso ao emprego, a promoción profesional, a eliminación da brecha salarial, que xunto á precariedade e a temporalidade, conforman a columna vertebral da desigualdade laboral das mulleres.

Pese aos discursos formais, a discriminación por motivo de xénero segue a ser una realidade sinxela de percibir: desigualdade salarial, falta de corresponsabilidade, escasa presenza de mulleres en postos directivos.. Un feito que deixa claro que queda camiño por percorrer á hora de acadar a plena igualdade entre homes e mulleres, un dereito fundamental que recolle a Constitución Española.

Neste marco xorden as políticas de igualdade de oportunidades, sendo estratexias que adoptan os gobernos para favorecer que mulleres e homes teflan na sociedade as mesmas oportunidades e posibilidades de influencia e integración.

Así, os plans de igualdade son programas de traballo que conteñen medidas para corrixir as discriminación que tradicionalmente sofre o colectivo feminino, froito de prácticas ou de hábitos sociais. Cómpre pois desenvolver iniciativas de diferente índole para rachar cos obstáculos existentes, sexan culturais, sociais ou doutro tipo.

De acordo con todo o anterior, sómetese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte:

1. Elaboración de un Plan de Igualdade específico para os traballadores e traballadoras do Concello, no que figuren as diferentes medidas a adoptar para eliminar calquera discriminación de xénero e contemple as medidas que se consideren ao obxecto de facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

2. Creación dun Plan de Igualdade de Oportunidades municipal, que deberá ter en conta os seguintes puntos, entre outros:

- Lexislación para a igualdade



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- Obxetivos do plan de Igualdade
- Proceso metodolóxico de elaboración
- Contexto situacional
- Análise de datos
- Áreas de intervención (Servicios Sociais, Sanidade, Obras, Urbanismo e Servizos Públicos, Medio Rural, Medio Ambiente, Educación e Cultura)
- Medidas de intervención
- Ámbito temporal e xeográfico.

En Meaño, a 2 de abril do 2018 Asdo: Icíá García Fernández Voceira do PSdeG-PSOE”

Toma o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que votarán a favor desta moción pero o seu grupo sigue a creer que o primeiro qe hai que tratar e a situación contractual de boa parte das/os traballadoras/es do Concello.

Contesta a Sra. García Fernández, quen sinala que o seu grupo ven reivindicando unha RTP pero do que se está a tratar nesta moción é da necesidade da elaboración dun Plan de Igualdade.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen propón que os dous puntos contidos na proposta de acordo desta moción se voten por separado e propón en relación co punto 1 crear unha comisión de traballo integrada por representantes dos distintos grupos políticos e asistida por persoal municipal e en relación co punto 2 manifesta que considera que non procede porque xa se está traballando neste tema; así xa se ten solicitada axuda ao abeiro das bases da convocatoria da Deputación de Pontevedra para o fomento da igualdade de oportunidades e prevención da violencia de xénero e de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a o programa de prevención da violencia de xénero.

Toma de novo a palabra a Sra. Gracia Fernández, quen pregunta cales son as garantías de que se está a traballar no Plan de Igualdade Municipal e que está de acordo en que se cree unha comisión de traballo a o que contesta a Sra. alcaldesa que figura o acordo nas distintas actas da Xunta de Goberno Local e que os expedientes foron tramitados e as solicitudes cursadas polos servizos sociais.

Rematadas as intervención e sometidos os dous puntos contidos na proposta de acordo desta moción a votación por separado, o Pleno da Corporación,

- En relación con punto 1, por unanimidade dos trece membros acorda crear unha comisión de traballo para o estudo, seguimento e elaboración dun Plan de Igualdade específico para os traballadores e traballadoras do Concello.

- En relación con punto 2 de creación dun Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal, por seis votos a favor dos membros dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e IM e por sete en contra dos membros do Grupo Municipai do PP, queda rexeitado.

10º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE REFERENTE AO FOMENTO DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. García Fernández, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, quen da lectura ao escrito de moción presentado con data de rexistro de entrada 02/04/2018, nº 2018-E-RC-1298, no que se sinala:

“ AO PLENO DO CONCELLO DE MEAÑO

O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icíá García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN, referida ao fomento do Banco de Terras de Galicia

Nos últimos lustros houbo en Galicia unha perda importante da superficie agraria útil; tan só no período de 1985 a 2005 desapareceron 145.000 hectáreas de prados e labradíos. O progresivo despoboamento de moitas zonas do rural e a desaparición de explotacións agrarias fai pensar que esta situación poida continuar se as tenas que van quedando libres non pasan a ser traballadas por novos agricultores e agriculturas ou gandeiros e gandeiras. Un dos motivos é que a propiedade continúa a estar moi fragmentada e, aínda que entre 1990 e 2010, o número de parcelas rústicas se reduciu nun 30%, o número de propietarios aumentou nun 42%.

O Banco de Terras de Galicia é un instrumento creado pola Consellería do Medio Rural no ano 2008 e que está integrado na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) co que se pretende regular o uso e aproveitamento de parcelas con vocación agraria, co dobre obxectivo de evitar o seu abandono e de poñelas a disposición de todas aquelas persoas que necesiten tena para usos agrícolas, gandeiros, forestais, de conservación da natureza e patrimonio ou outros usos de interese social.

Actualmente, se facemos un visionado de todos as fincas incorporadas no Banco de Terras, atopámos que o 40% (5.029) se encontran na provincia de A Coruña, Lugo e Ourense poseen o 22,5% (2.780) e 21,1% (2.612), respectivamente, mentras que en Pontevedra hai tan so un 15,7% (1.949).

En Meaño, hai unha grande cantidade de persoas que se dedica ao sector terciario neste momento, o que supón o abandono do sector primario. Este abandono trae, como consecuencia, entre outras cousas, unha falta de limpeza e mantemento das terras.

Non obstante, tamén é certo que existe un maior número de xente xoven que segue traballando neste sector primario, alugando tenas ou contribuíndo para cooperativas. Por tanto, non podemos olvidar que Meaño é unha zona de cooperativas hortícolas e moitas delas están buscando socios para incrementar o seu mercado e a súa economía.

De acordó con todo o anterior, sómétese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte:

1. Instará Xunta de Galicia a que axelice os trámites do arrendamento. Actualmente si existe unha finca para uso agrícola e so ten un demandante, o procedemento non baixa dos 3 meses e si é unha finca de uso forestal con varios demandante o proceso supera o medio ano.

2. Ofrecer publicidade sobre as leis dos bancos de tenas, as subvencións, información aos veciños de Meaño.

En Meaño, a 2 de abril do 2018 Asdo: Icíá García Fernández Voceira do PSde G-PSOE”

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que para unha racional xestión do solo agrícola ou forestal primeiro e prioritario é a concentración parcelaria: polo que ante a moción plantexada o seu Grupo se vai abster.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa quen sinala que, ratificando o sinalado polo Sr. Ásperez Montes engade que o banco de terras é unha ferramenta que puxo en marcha a Consellería de Medio Rural que é boa para determinadas zonas de Galicia pero non para Meaño, de feito consultado coa Consellería de Medio Rural a incidencia desta instrumento neste termo municipal apuntan a que non lles consta que houbera solicitudes de información nin demanda polo que o Grupo Municipal do PP se vai abster porque considera que non é necesario.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, con once abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal IM e PP e con dous votos a favor dos concelleiros dos Grupo Municipais do PSdeG-PSOE, acorda:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que axilice os trámites do arrendamento. Actuamente si existe unha finca para uso agrícola e so ten un demandante, o procedemento non baixa dos 3 meses e si é unha finca de uso forestal con varios demandante o proceso supera o medio ano.

2º.- Ofrecer publicidade sobre as leis dos bancos de terras, as subvencións, información aos veciños de Meaño.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntas, formulándose as seguintes:

* **García Fernández:**

PREGUNTAS:

1. Nos últimos meses vimos sufrindo varias alertas vermellas por culpa do temporal, e en todas elas non houbo ningún policía local de garda para acudir ás emerxencias que se producirán. Por qué motivo?
2. Fai varias semanas, por rexistro, introducimos unha solicitude de información sobre o “provisional” campo de festas de San Xosé en Dena, sobre a licenza municipal de obra. Podríanos dicir canto custou a obra de recheo e posterior arreglo do desastre do recheo? Cómo se elixeu a empresa encargada de arreglar a desfeita que fixeron?
3. Podría decirmos en qué consisten estas partidas do expediente de incorporación de remanente de crédito nº 2:
Obras complementarias CF Meaño 8.485,29€
Redacción Modificación PXOM 21.054€ ¿Qué se fixo?
4. Existe algún plano con todos os puntos de conexión á auga do alcantarillado no Concello de Meaño? Para que os novos usuarios sepan en donde teñen que establecer a conexión.
5. Pódenos explicar o que falaron coa Xunta sobre a conexión da EDAR co Polígono de Nantes?
6. Servizos Sociais do Concello está tramitando valoracións de discapacidade? *(Están facendo reclamacións ante o servizo provincial polo retraso das citas- ata 3 anos, cando o prazo establecido pola normativa é de 3 meses?.)*
7. Qué saben do informe que se lle solicitou ao Servizo de Costas sobre a legalidade ou non do cobro da taxa de pádel de Os Pasales? Recordámoslle que se solicitou en outubro do ano 2016 e xa estamos no 2018.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

8. Podría decirnos o porcentaxe de seguimento do parón das 2 horas do 8 de marzo, Día Internacion al da Muller?
 9. En qué punto se atopa a integración da construción da rotonda entre Pedrenda-Cobas-Ribadumia no proxecto da carretera de mellora de Cobas?
 10. O Concello de Meaño conta con algún programa de prevención de drogadicción, así como outras adicións, como poden ser as tecnolóxicas?
 11. Estanse creando medidas para fomentar e incentivar o empadramento de máis poboación no noso concello?
 12. Publicitaron entre os veciños a prórroga do Bono Eléctrico?
 13. Qué van facer co superávit agora que Montoro, gracias á FEMP presidida por Abel Caballero, conseguise que se deixe invertir en máis partidas que en obras?
 14. Próximamente vai comezar a segunda fase da reforma do transporte público da Xunta. Sabe en qué medida vai afectar a Meaño? No Concello existe información de horarios e rutas? Saben cuántos usuarios maiores de idade utilizan os autobuses compartidos cos colexios?
 15. Que lle parece que Gonzalo Durán plantexe mancomunar a axenda cultural de todo o Salnés?
 16. Podría decirnos a donde enviaron o proxecto coa solución da condensación do Pavillón de Dena? No pasado pleno dixéronas que nolo ia enviar e aínda seguimos esperando. Tivemos que enterarnos pola prensa.
 17. A Deputación de Pontevedra está organizando uns cursos formativos para as administración locais. Cantas empregados do Concello se anotaron? En qué cursos?
 18. A Mancomunidade do Salnés informou que se lle vai requerir aos Concellos persoal formado para a retirada das colmeas da vespa velutina. Qué empregado van a formar? Cómo van a eleixir a esa persoa?
- Recordámoslle ao Grupo de Goberno que neste Salón de Plenos votaron en contra dunha moción socialista na que solicitábamos o mesmo que pide agora a Mancomunidade.
19. Tomaron algunha medida para solucionar o problema das goteiras en MercaDena, tal e como solicitamos por rexistro?
 20. En qué punto da redacción están as Ordenanzas aprobadas polo pleno?
 21. Qué opina do informe da secretaría de intervención sobre a aprobación do Presuposto correspondente ao exercicio económico 2017 respecto ao que se solicita en realción co posto de secretaria-intervención? Qué solución lle van dar?

ROGOS:

1. Solicitamos que revisen os aliviaderos das augas pluviais, posto que coas sucesivas choivas, están atascados de lodo e rebosan polas carreteras.
2. Volvemos incidir, unha vez máis, na necesidade de ter actualizada a páxina web. E doulles un exemplo recente: Sobre a Andaina Solidaria que se tiña programada para o pasado sábado. Na páxina web non poñía nada da necesidade de inscribirse ou non. Preguntamos directamente á alcaldía do procedemento e se nos dixo que non facía falta insibirse, pero resulta que agora na páxina web pon que sí hai que inscribirse. En qué



quedamos? Por outra banda, as noticias do Concello deben publicarse antes na páxina web e logo nos periódicos, non ao revés.

3. Dende o concello estanse organizando chalas educacionais para pais na Escola Infantil. Parécenos unha boa actividade e animamos a que estas charlas se fagan tamén para pais de nenos en educación primaria e en secundaria.

4. Rogamos que o período de inscrición para actividades e eventos sexan maiores de 4 días para que poida acudir máis persoas. (*Cea da muller- 4 días*).

5. Solicitamos que estuden a posibilidade de incorporar un Plan Madruga e Comedor para o Campamento de Verán; posto que estes servizos serían moi beneficiosos para moitos pais.

6. Rogamos que revisen a sinalización de todo o Concello, pero especialmente a do centro de Dena, como por exemplo, sinais rotas de carga e descarga, sinalización correcta do aparcamento de MercaDena...entre outros.

7. Por último, queremos poñer de manifesto o noso descontento coa forma de proceder por parte do Grupo de Goberno, co horario do Pleno Extraordinario celebrado o día 2 de abril. O Grupo de Goberno non se puxo en contacto en ningún momento co partido socialista para consensuar o día nin a hora. Recordámoslle que o día 2 de abril en Meaño non era festivo (os festivos locais son San Bieito e Santa Lucía), polo que non entendemos a suposición que fixeron de que o luns das Cabezas non se traballa. Non nos chamaron para establecer ese Pleno Extraordinario, pero resulta que para facer unha Comisión In Extremis de Urbanismo, sí se puxeron en contacto con nos e se nos preguntou a qué hora nos viña mellor.

Por qué esa arbitrariedade? Porque para o Pleno non se chama e para a Comisión in extremis, sí? Qué criterios seguen?

Por outra banda, postos a realizar dous plenos con unha semana de diferenza, puidéronse xuntar e facer un solo, adiantando a data do Pleno Ordinario.

Todo isto díxeno no seu momento, que foi a Comisión de Urbanismo, porque o partido socialista vai de frente. Repetímolo hoxe para que o resto do Grupo de Goberno sepa tamén a nosa opinión.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- En relación á convocatoriado da sesión do Pleno de data 2 de abril de 2018, que o mesmo foi convocado con tempo e forma e que os concelleiros tiveron a documentación a súa disposición cunha semana de antelación.

- Actualmente o Concello conta con dos policía en activo e desde fai un largo período un deles de baixa por enfermidade, non obstante nestes episodios de alertas estivo pendente.

- A comisión de festas de S. José solicitou que se acondicionara o terreo para a festa de S. José e dado que unha empresa ofrecerá aporte de material de recheo considerouse que podería ser aproveitable pero resultou inadecuado polo que ten que proceder a retiralo. O acondicionamento está adxudicado a outra empresa e acada en torno aos 5.000,00 €.

- As obras complementarias referidas afectan a canalización da auga e o saneamento.

- A modificación do PXOM afecta, basicamente á clarificación de conceptos no Solo de Núcleo Rural e a reforma da ordenanza do Solo Urbano Industrial.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- Estase a traballar nel e estanse a incluír as ampliacións.
- Representantes do grupo de goberno mantivemos unha reunión coa consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio na que se lle manifestou o sinalando neste Pleno, que non se vai aceptar a conexión das augas residuais do polígono industrial de Nantes á EDAR de Os Pasales si por parte da Xunta non se solucionan os problemas sinalados no informe emitido por Augas de Galicia e se non se acometen as obras necesarias para solucionar os problemas plantexados.
- As valoracións de discapacidade estanse a tramitar por servizos sociais.
- O día 8 de marzo seguiron o paron sobre quince traballadoras.
- Douse traslado á Deputación Provincial do acordado en relación coa moción plantexada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE referida a creación desta rotonda e estiveron vendo in situ técnicos de Deputación pero non ven moi viable.
- Publicitouse a prorroga do Bono Eléctrico e tiveron entrada moitas solicitudes tanto novas como de prórroga.
- Non ten información dunha axenda cultural mancomunada.
- Douselle traslado á secretaria xeral para o Deportes do estudo realizado para solucionar o problema de condensación no pavillón de Dena e xa estiveron técnicos desta Secretaría Xeral no pavillón.
- Cada empregado solicitou e está a solicitar os cursos que considera máis axeitados para o seu posto dos ofertados no Plan de Formación.
- En canto as goteiras que apareceron no mercado de Dena, comprobouse que se despegou a silicona da lucernario e en canto cambie o tempo repararase.
- Estase a traballar nas referidas ordenanzas de animais de compañía e punto limpo e xa hai un borrador que se lle fará chegar.
- En canto ao posto de secretaria-intervención, estase a falar con municipios próximos que se atopan nunha situación similar, como Ribadumia, para estudar a posibilidade de crear una praza de intervención acumulada para dous concellos.

* Sr. Ásperez Montes:

- Da celebración do Pleno do 2 de abril o que sae a colación e a mala xestión e a falta de previsión.
- Comisión do Martes: Debería ser anterior ó Pleno?. Cal foi o motivo de ser o día seguinte. Non supón irregularidades?.
- A esta mala xestión sumánselle o Mecadena con goteiras no inverno e calor no verán, o informe da EDAR e xestións pluviais, alertas vermellas que se remite a un teléfono e comprobouse e nadie responde a ese teléfono.
- Estaba ou está contratada a obra do campo de festas por 5.000,00 €?.
- Modificación puntual do PXOM que afecta ao polígono, está contratada?
- Criterios de valoración terreos para a compra: qué criterio se segue polo Concello para a valoración e compra de terreos para determinar por exemplo un valor de 6 €/m xunto campo de fútbol e 50 €/m para a praza de Dena?. É o tipo de calificación? Hai solicitada una valoración previa a facenda?.
- Conserxe: 9 meses? Cómo se vai cubrir este posto no curso 2018/19.
- Adxuntou á empresa adxudicataria as esixencias técnicas que se pedían nos pregos para a realización obra do pavillón de Xil. Solicitaremos copia.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- Hai un escrito presentado por un grupo de veciños de Dadín en novembro do 2016 solicitando un alumeado dende lavadoiro hacia Muíño da Birta. Está sin contestar e sin atender. Contempla facer algo ó respecto?.
- Outras peticións que recollemos dos vecinos son:
 - o Dende o Concello se tramite solicitude ou petición para instalar badéns en parroquia de Lores (Freixeiro e Galiñáns).
 - o Saída de garaxes edificio Farmacia instalación de espello ou mover contenedores para evitar riscos para usuarios.
 - o Con motivo da apertura dun novo negocio de hostelería-restauración en Meaño (Rest. Casa do Monte) instalación dun espello para mellora viaria e evitar riscos.
 - o Facer fincapé no escrito presentado polo noso grupo demandando as melloras concretadas nese escrito na parroquia de Padrenda, así como a subida no lugar da Laxe en Lores. Ademais recordar as solicitudes feitas e reiteradas polos vecinos de Lores a través da súa Asociación e que a maioría seguen sen atender.
- O Servicio de Prevención de Riscos Laborais presta os servicios obrigatorios e mínimos marcados pola Lei? Cales foron no ano 2017?.
- Solicitar dos titulares de parte do noso patrimonio, porque creo que é de todo o Concello, que fagan un esforzo na súa conservación que mostra un deterioro inadmisibile, e que por parte deste Concello debería esixir o seu coidado e recuperación. Falamos sobre todo de bens titularidade da igrexa (Piornos Xil e Meaño, casa reitoral Xil,...)
- Quedou aclarado os erros, ou non, na presentación do modelo 111?
- Plan Wiffi Unión Europea? Varios concellos vecinos xa están solicitando. Pedimos que aínda que Meaño non o fixo e sexa outro dos Concellos que o soliciten.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- O asunto tratado na comisión do martes, aínda que relacionado co mesmo asunto é por unha cuestión distinta a tratada no Pleno.
- Os pezos dos terreos que se adquiren determinanse a partir dun informe pericial que elabora o arquitecto municipal.
- A empresa adxudicataria da obra da reforma da fachada e cuberta do pavillón de Xil presentou a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica.
- O Concello ten solicitado ao Plan Move-se da Deputación Provincial, no que se solicitan reductores de velocidade, entre outras, para a estrada provincial de Lores a Sanxenxo.
- Estanse colocando espellos e no punto que solicita para Meaño hai espello.
- Non existía ningún erro no Modelo 111 e esta cuestión xa quedou aclarada coa voceira do PSdeG-PSOE.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e cuarenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace da Sra. alcaldesa.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com



Asdo. M^a Lourdes Ucha Varela





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com